

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisionais de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado primeiro da base oitava da Orde do 19 de outubro de 2022 relativo á listaxe provisional de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no anexo I desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes admitidas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades, que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos, con especificación da exención ou non da realización da proba de coñecemento de lingua galega.

Segundo. Aprobar e facer pública no anexo II desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades con indicación da causa específica da súa exclusión.

Terceiro. Contra a lista provisional, de conformidade co apartado segundo da base oitava da citada orde, o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da dita consellería, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Cuarto. O feito de figurar na relación provisional de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

